

Texto e ilustracións: **MICHAEL GREJNIEC**

Tradución: **CARMEN BARREIRO**

Encadernado en cartón. 30x20 cm.


36 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "¿A que sabe a lúa?"  
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-625-9
- Castelán: "¿A qué sabe la luna?"  
Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-564-1
- Catalán: "De què fa gust la lluna?"  
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-561-0
- Euskera: "Nola dastatu ilargia?"  
Amets egiteko liburuak. ISBN 978-84-95123-77-0
- Portugués: "A que sabe a lua?"  
Livros para sonhar. ISBN 978-972-8781-09-5

Prezo: 15 €

## A QUE SABE A LÚA?



**Había moito tempo que os animais andaban a matinar a que sabía a lúa.**

**Era doce ou salgada?**

**Só querían probar un anaco pequeno. Polas noites, miraban ansiosos para o ceo.**

**Estarricábanse e estiraban o pescozo...**

Quen non soñou algunha vez con darlle unha dentada á lúa? Este foi precisamente o desexo dos animais deste conto. Tan só querían probar un anaquiño pero, por máis que se estiraban, non eran quen de tocala. Daquela, a tartaruga tivo unha xenial idea: "Quizais entre todos poidamos alcanzala".

Esta é unha historia de desexos que parecen -a primeira vista- inacadables, como a lúa, pero que conseguen facerse realidade grazas á cooperación. Unha axuda mutua da que son partícipes os máis variados animais: a tartaruga, sobre a que se sostería o mundo, segundo a mitoloxía; o elefante, a xirafa, a cebra, o león... ata que finalmente un deles, o máis pequeno de todos...

E así, a medio camiño entre a fábula e a lenda, este relato ofrécelle ao lector unha poética ensinanza que fala de xenerosidade, solidariedade e soños compartidos; cun chisco de humor, o que aporta unha lúa sorrinte, burlona e algo saltareina.

"A que sabe a lúa?", escrito e ilustrado polo polaco Michael Grejniec, é un libro especialmente recomendado para primeiros lectores. Basea a súa estrutura nas repeticións e na acumulación de

personaxes, un recurso moi frecuente na literatura tradicional. Esta obra invita a ser contada, conseguindo unha gran participación entre o lector e o receptor.

Dende o punto de vista estético, as ilustracións destacan polo seu estilo sinxelo e cálido, ao que contribúe o soporte sobre o que están realizadas, en papel-couché. A distribución das imaxes e o texto, sobre fondo branco, proporciona un gran equilibrio que potencia o efecto artístico do libro.

- **Temática:** álbum ilustrado, clásico contemporáneo da literatura infantil
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** estrutura acumulativa; fábula protagonizada por animais
- **Aplicacións:** para reflexionar sobre valores como a solidariedade, a forza da unión; animais, sabores, distancias

